

Acordo de 16 de decembro, de Consello de Goberno, polo que se aproba o procedemento para a elaboración do plan docente anual do curso 2026/27

PREÁMBULO	2
Artigo 1. Encargo docente.....	2
Artigo 2. Organización docente nas titulacións de grao	2
Artigo 3. Docencia en grupo reducido	3
Artigo 4. Créditos teóricos e prácticos.....	3
Artigo 5. Mencións/itinerarios/especialidades	3
Artigo 6. Cómputo de disciplinas optativas	4
Artigo 7. Adscrición de docencia en materias de formación básica, obrigatorias e optativas.....	4
Artigo 8. Oferta de docencia en inglés	4
Artigo 9. Docencia en modalidade virtual.....	5
Artigo 10. Formación dual	5
Artigo 11. Materias de mestrado	5
Artigo 12. Materias nos mestrados conxuntos	6
Artigo 13. Títulos que teñan previsto o seu inicio no curso 2026/27	6
Artigo 14. <i>Practicum</i>	6
Artigo 15. Titorización e comisións de avaliación de TFG.....	6
Artigo 16. Titorización e comisións de avaliación de TFM	7
Artigo 17. Titorización académica de prácticas externas curriculares en empresas e institucións	7
Artigo 18. Titorización académica de prácticas externas extracurriculares en empresas e institucións.....	7
Artigo 19. Finalización do encargo docente	7
Artigo 20. Interpretación da norma.....	7
Disposición final primeira. Habilitación	7
Disposición derogatoria	8
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	8
ANEXO I. Oferta de inglés no PDA do curso 2026/27	9
ANEXO II. Comunicación de incidencias por participación en comisións de avaliación e por dirección de traballos de fin de grao/mestrado	11

ANEXO III. Prácticas externas curriculares	12
ANEXO IV. Prácticas externas extracurriculares.....	13

PREÁMBULO

Este procedemento fixa o marco normativo que regula a elaboración do Plan docente anual.

Artigo 1. Encargo docente

1. O centro deberá realizar o encargo da docencia de cada materia ás áreas de coñecemento ás que foron adscritas de acordo co Plan docente anual (PDA) autorizado para cada titulación ou, no caso de novas implantacións, coa proposta da Comisión Redactora. Nas materias de grao, o encargo poderase facer entre as áreas ás que se fixo a adscrición funcional.
2. O centro efectuará a proposta de grupos tendo en conta o aumento ou a diminución do número de estudantado en cada curso e/ou materia. Os aumentos de grupos que se propoñan deberán estar xustificadas. Para estimar o número de estudantes dunha materia, computarase todo o estudantado de nova matrícula e sumarase o de segunda e sucesivas matrículas ata un máximo do vinte por cento (20 %) do de primeira matrícula. Manterase o mesmo número de grupos nas materias de formación básica e obrigatorias dun mesmo curso utilizando como criterio a media de estudantes destas materias.
3. No caso de encargar a docencia dunha materia a máis dunha área ou departamento, débese especificar a distribución de horas que corresponder.
4. No caso de implantación ou de modificación de graos, o centro deberá remitir con anterioridade a proposta de adscrición funcional das materias de formación básica e obrigatorias.

Artigo 2. Organización docente nas titulacións de grao

1. O número de horas presenciais por crédito ECTS sitúase entre 7 e 10 horas, utilizando 10 horas para o tipo de actividades presenciais que impliquen menor traballo posterior por parte do estudantado, e sempre que o número medio de horas presenciais no grao non sexa superior a 8,5 horas. Neste caso, a implantación será progresiva en función das disponibilidades orzamentarias.
2. Os modelos docentes elixidos terán unicamente dous niveis no tamaño dos grupos: docencia expositiva (DE) e docencia interactiva (DI).
3. Os centros poderán aumentar a docencia presencial nas materias de formación básica e obrigatorias dos primeiros cursos das titulacións de grao de acordo cos seguintes modelos:

Materia cuatrimestral de 6 ECTS	Horas de DE por grupo	Horas de DI por grupo	Horas /ECTS	Horas/materia (con 1 GDE e 3/4 GDI)
Modelo 1	21	21	7	84-105
Modelo 2	30 (2 h / semana)	21 (1,5 h /semana)	8,5	93-114
Modelo 3 (alta interactividade)	30 (2 h /semana)	24 (2 h /semana)	9	102-126
Modelo 4 (baixa interactividade)	45 (3 h/semana)	15 (1 h/semana)	10	90-105
Tamaño do grupo	60-80 estudantes	20-25 estudantes		

Artigo 3. Docencia en grupo reducido

Os grupos reducidos (TGR) só se poderán manter nas materias das titulacións de Ciencias da Saúde ou naquelas que o xustifiquen por razóns de seguridade.

Artigo 4. Créditos teóricos e prácticos

O número de horas de DE non poderá ser inferior ao 50 % do número total de horas de cada materia, agás naquelas materias que xustifiquen a necesidade de máis intensidade de docencia interactiva/prácticas na memoria do título. En calquera caso, o número de horas de docencia por crédito ECTS deberase axustar aos modelos e ás condicións do artigo 2.

Artigo 5. Mencións/itinerarios/especialidades

1. A docencia nas mencións en graos e mestrados con menos de cinco estudantes non poderá ser utilizada para xustificar a petición de prazas.
2. O centro poderá non ofertar a mencion, itinerario ou especialidade, ou decidir mantela. Neste segundo caso, o centro e os departamentos que teñan encargada a docencia asumirán o compromiso de impartir a totalidade das horas asociadas ás materias.
3. No PDA estas materias da mencion/itinerario/especialidade figurarán con 21 horas nun único grupo para unha materia de seis ECTS ou coa parte proporcional que corresponder.
4. Unha vez comprobada a matrícula, o centro comunicará á Vicerreitoría de Profesorado, ao principio do cuatrimestre correspondente, as materias que non se impartirán para regularizar a súa carga en horas no PDA, e as que se impartirán para os efectos da inclusión das horas restantes no plan de organización docente (POD) do profesorado.

Artigo 6. Cómputo de disciplinas optativas

1. As materias optativas terán unha carga docente equivalente a sete horas por crédito ECTS.
2. Nas titulacións en que a oferta de optativas permita escoller unha entre máis de dúas alternativas reducirase, como máximo, a unha de dúas.
3. As optativas que no curso 2025/26 tiveren matriculados menos de cinco estudantes poderanse ofertar sen que se teñan en conta no cómputo da carga docente das áreas de coñecemento para xustificar a necesidade de prazas de profesorado. Figurarán no PDA con 21 horas nun único grupo para unha materia de seis ECTS ou coa parte proporcional que corresponder.
4. O centro e os departamentos que teñan encargada a docencia asumirán o compromiso de impartir a totalidade das horas asociadas ás materias. Unha vez comprobada a matrícula, o centro comunicará á Vicerreitoría de Profesorado, ao principio do cuadrimestre correspondente, as materias que non se impartirán para regularizar a súa carga en horas no PDA, e as que se impartirán para os efectos da inclusión das horas restantes no POD do profesorado.
5. Na oferta de optativas das titulacións terán preferencia as áreas con capacidade docente suficiente de profesorado permanente. A impartición de materias optativas non se poderá utilizar para xustificar a contratación de profesorado.

Artigo 7. Adscripción de docencia en materias de formación básica, obrigatorias e optativas

1. Antes de contratar novo profesorado para unha área de coñecemento determinada, comprobarase se esta imparte docencia en materias de formación básica ou en obrigatorias con outras áreas afíns na adscripción funcional ou en materias optativas que estean adscritas tamén a outras áreas de coñecemento. De ser o caso, asignarase a docencia destas materias á/s área/s afín/s ou de adscripción que contén con capacidade docente.
2. A Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) aprobará as propostas de asignación e comunicaraas ao centro e aos departamentos afectados.

Artigo 8. Oferta de docencia en inglés

1. O PDA correspondente á oferta de docencia en inglés axustarase ao establecido na Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno o 18/07/2024).
2. Para a creación dun programa de docencia en inglés deberá existir un número mínimo de dez estudantes. Para crear novos grupos de docencia en inglés será necesario acreditar coa matrícula un exceso de 20 estudantes na capacidade dos grupos.

3. De acordo co establecido no punto 1.8 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña, os grupos de inglés que non acaden o número mínimo de estudantes matriculados, ofertaranse na modalidade *English Friendly*.

4. Para cada curso académico, os centros comunicarán á Vicerreitoría de Profesorado no modelo do anexo I:

- a continuidade das materias que se ofertaren en inglés;
- as materias de nova incorporación que, de acordo coa memoria de verificación do título, se impartiren en inglés;
- as materias obrigatorias de nova incorporación de plans bilingües que tiveren un grupo en inglés, que terán que contar coa autorización da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización;
- as materias optativas de nova incorporación que se impartiren só en inglés, que terán que ser autorizadas pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización.

Artigo 9. Docencia en modalidade virtual

1. A docencia en modalidade virtual réxese pola Normativa que regula a modalidade docente dos estudos da Universidade da Coruña segundo a súa presencialidade (aprobada polo Consello de Goberno o 02/05/2024).
2. A carga docente do grupo de docencia virtual será de catro horas por crédito ECTS.
3. Nas titulacións que se impartiren en dobre modalidade, o número mínimo de estudantado para o grupo na modalidade virtual será de dez estudantes.
4. No profesorado con vinculación permanente á Universidade, a dedicación ao ensino semipresencial non poderá superar o cincuenta por cento (50 %) da súa dedicación total, agás casos debidamente xustificadas.

Artigo 10. Formación dual

Os créditos asignados á Formación en Empresa en módulos de Formación Dual computaranse con 4 h/cr sempre que existir un mínimo de dez estudantes matriculadas/os. Cando o número for inferior a dez e superior ou igual a cinco, o cómputo será de 2 h/cr. Se houber matrícula, mais for inferior a cinco, o cómputo será de 1 h/cr.

Artigo 11. Materias de mestrado

1. No caso de que un centro ofrezca estudos de mestrado, enténdese que as áreas de coñecemento que teñen adscrita esta docencia contan con profesorado suficiente e que, por tanto, se fan responsables de garantir que se imparta a docencia planificada ante calquera cambio imprevisto na capacidade docente.
2. Todas as materias de mestrado terán no PDA unha carga docente equivalente a 7 horas por crédito ECTS, agás que se xustifique a necesidade legal dunha

intensificación docente, como acontece nalgúnhas titulacións con atribucións profesionais.

a. O PDA dos mestrados universitarios deberá ser aprobado pola súa comisión académica antes da súa aprobación en Xunta de Centro.

Artigo 12. Materias nos mestrados conxuntos

1. Nos mestrados conxuntos, isto é, interuniversitarios, e nos mestrados que teñan profesorado externo á Universidade da Coruña (UDC), as materias ou as horas impartidas polo profesorado alleo á UDC deberanse deixar sen distribuír entre as áreas. As administracións dos centros deberán contactar co Negociado III (xestionpod@udc.gal) co fin de que se dean as instrucións oportunas para poder engadir en Sigma o profesorado pertencente a outras institucións distintas da UDC e que non figuren na aplicación.

2. Para os efectos de xustificar a necesidade de prazas de profesorado, non se terán en conta no cómputo da carga docente das áreas de coñecemento as horas en materias duplicadas impartidas por profesorado externo á UDC ou en materias con menos de cinco estudantes matriculados na UDC.

3. En mestrados conxuntos sen duplicación (total ou parcial) de materias e cun único itinerario optativo ofertado na UDC, computarase para as materias deste itinerario a matrícula do mestrado na UDC.

Artigo 13. Títulos que teñan previsto o seu inicio no curso 2026/27

Os centros remitirán á Vicerreitoría de Profesorado a relación de áreas de coñecemento e os departamentos a que estiveren adscritas cada unha das materias de grao/mestrado. Para os graos, remitirase ademais a adscrición funcional das materias de formación básica e obrigatorias a un mínimo de tres áreas de coñecemento, de acordo coa proposta da Comisión Redactora da titulación.

Artigo 14. *Practicum*

1. Para o cálculo da participación académica nas materias de *Practicum* terase en conta o número de estudantado matriculado por primeira vez, o número de créditos asignados ao *Practicum* no plan de estudos e a memoria de verificación da titulación.

2. As horas correspondentes a cada materia asignaráselle ao centro responsable da titulación que, na elaboración do PDA, as distribuirá entre os departamentos que corresponder.

Artigo 15. Titorización e comisións de avaliación de TFG

1. A dirección do centro deberá comprobar os datos do profesorado que fixer a titorización de traballo de fin de grao (TFG) ou participar nas súas comisións de avaliación entre o 01/01/2025 e o 31/12/2025.

2. No caso de detectar algunha incidencia, deberaa comunicar á Vicerreitoría de Profesorado, seguindo o modelo do anexo II, no momento de elaboración do PDA para proceder á súa corrección.

Artigo 16. Titorización e comisións de avaliación de TFM

1. A Vicerreitoría de Profesorado remitirá aos centros os datos do profesorado que fixer a titorización de traballo de fin de mestrado (TFM) ou participar nas súas comisións de avaliación entre o 01/01/2025 e o 31/12/2025.

2. No caso de detectar algunha incidencia, a dirección do centro deberaa comunicar á Vicerreitoría de Profesorado, seguindo o modelo do anexo II, no momento de elaboración do PDA para proceder á súa corrección.

Artigo 17. Titorización académica de prácticas externas curriculares en empresas e institucións

1. A dirección do centro remitirá á Vicerreitoría de Profesorado os datos do profesorado que titorizou prácticas externas curriculares entre o 01/01/2025 e o 31/12/2025 seguindo o modelo do anexo III.

2. Estes datos non se poderán modificar tras a finalización do prazo de elaboración do PDA, agás erro manifesto.

Artigo 18. Titorización académica de prácticas externas extracurriculares en empresas e institucións

A dirección do centro remitirá á Vicerreitoría de Profesorado os datos do profesorado que titorizou prácticas externas extracurriculares entre o 01/01/2025 e o 31/12/2025 seguindo o modelo do anexo IV.

Artigo 19. Finalización do encargo docente

1. Tras a súa aprobación pola Xunta de Centro, a dirección do centro comunicará a finalización do PDA á Vicerreitoría de Profesorado a través do correo electrónico vp@udc.gal.

2. A Vicerreitoría de Profesorado revisará a proposta de grupos. Unha vez confirmado o PDA pola Vicerreitoría, incorporase ao POD e comunicáraselles aos departamentos a apertura do prazo para asignar o encargo docente.

Artigo 20. Interpretación da norma

A COAP, por delegación do Consello de Goberno, será a encargada de dilucidar calquera dúbida ou problema en relación coa interpretación deste procedemento.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a Vicerreitoría de Profesorado para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que puideren xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que foren oportunas, que se deberán publicar no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de teren alcance xeral.

Disposición derogatoria

Esta normativa derroga calquera outra norma ou disposición previa aprobada polo Consello de Goberno que afectar ao procedemento para a elaboración do POD.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

ANEXO I. Oferta de inglés no PDA do curso 2026/27

CONTINUIDADE DA OFERTA DE INGLÉS: GRAO / MESTRADO EN			
CURSO	CÓDIGO DA MATERIA	NOME DA MATERIA	DOCENCIA EXCLUSIVA INGLÉS (SI/NON)

INCORPORACION Á OFERTA DE INGLÉS: GRAO / MESTRADO EN			
CURSO	CÓDIGO DA MATERIA	NOME DA MATERIA	DOCENCIA EXCLUSIVA INGLÉS (SI/NON)



RETIRADA DA OFERTA DE INGLÉS		
CURSO	CÓDIGO DA MATERIA	NOME DA MATERIA

A Coruña/Ferrol, de de 2026

Persoa titular do decanato, dirección ou Secretaría de Centro

ANEXO II. Comunicación de incidencias por participación en comisións de avaliación e por dirección de traballos de fin de grao/mestrado

Comisións Avaliadoras Datos de comisións constituídas entre 01/01/2025-31/12/2025			
APELIDOS E NOME	NIF (sen puntos nin guións)	NÚMERO DE ESTUDANTADO AVALIADO	CÓDIGO DA MATERIA

Dirección de Traballos Datos de traballos defendidos entre 01/01/2025-31/12/2025				
APELIDOS E NOME	NIF (sen puntos nin guións)	NÚMERO TRABALLOS DIRIXIDOS/ CODIRIXIDOS	NÚMERO DE DIRECTORAS/ES	CÓDIGO DA MATERIA

A Coruña/Ferrol, de de 2026

Persoa titular do decanato, dirección ou Secretaría de Centro

ANEXO III. Prácticas externas curriculares

Período: 01/01/2025 a 31/12/2025

PROFESORADO QUE TITORIZOU PRÁCTICAS CURRICULARES				
Grao/Mestrado en:				
APELIDOS E NOME	ASINAR ACTAS NO PRÓXIMO CURSO SI/NON	NIF (sen puntos nin guións)	CÓDIGO DA MATERIA	NÚMERO ESTUDANTADO TITORIZADO

A Coruña/Ferrol, de de 2026

Persoa titular do decanato, dirección ou Secretaría de Centro

ANEXO IV. Prácticas externas extracurriculares

Período: 01/01/2025 a 31/12/2025

TITORIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES				
(Non se poderán adxudicar horas a profesorado que teña redución por Actividades de Xestión Universitaria ou vinculación a tempo parcial)				
FACULTADE/ ESCOLA	APELIDOS E NOME	NIF (sen puntos nin guións)	NÚM. HORAS REALIZADAS POR CADA ESTUDANTE	NÚMERO ESTUDANTADO TITORIZADO

A Coruña/Ferrol, de de 2026

Persoa titular do decanato, dirección ou Secretaría de Centro